



## HAI RAZÓNS ABONDO PARA PARTICIPAR NA MARCHA CONTRA CELULOSAS

AAI razóns abondo!. Así reza o lema escollido este ano para dar publicidade á Marcha contra CELULOSAS, en clara referencia ás razóns que asisten á Xunta para non renovar as autorizacións ambientais a ENCE e a ELNOSA. E botamos man do noso lema para chamar á poboación da comarca a participar activamente na nova Marcha, porque son moitas as razóns para esixir a saída do complexo da Ría.

Lonxe de ser certo o que di ENCE (e o Comité de empresa) ENCE (e ELNOSA) segue contaminando a Ría e a atmosfera, segue destruindo os recursos naturais, a economía da comarca e a calidade de vida da poboación. Impiden a posta en práctica dun modelo económico sustentábel no tempo, baseado na explotación racional do marisqueo, a pesca de baixura, os recursos forestais e turísticos, e seguen sendo dúas empresas ilegais pois non cumpren co establecido na lexislación en materia de medio ambiente. Cando hai 3 anos o goberno bipartito da Xunta concedía as AAI a ENCE e a ELNOSA, desde a APDR denunciámos a irregularidade e mesmo a ilegalidade da concesión. Hoxe, cando remata o prazo da concesión e desde a Xunta ten que se acometer o proceso de renovación das citadas AAI, esiximos que non se renoven; pola súa ilegalidade e porque suporía hipotecar o futuro e consolidar o complexo nunha zona que hai que recuperar para uso e disfrute da cidadanía.

As AAI concedidas, son ilegais porque incumpren a lexislación en materia de vertidos; así, a AAI de ENCE permítelle superar os límites de vertido fixados na Lei de Augas Residuais Urbanas para DQO, DBO e SS. En efecto, a AAI, permítelle verter ate 9.000, 2.250 e 2.250 Kg/día de DQO, DBO e SS, ou o que é o mesmo, permítelle superar –dependendo dos litros diarios que verta- os límites de 125 mg/L, 25 mg/L e 35 mg/L fixados respectivamente para eses tres parámetros pola Lei. De acordo coa citada Lei, e supoñendo que ENCE verta 40.000 m<sup>3</sup>/día, a carga contaminante diaria non podería superar os 5.000, 1.000 e 1.400 Kg/día para DQO, DBO e SS respectivamente, cantidades todas elas superadas amplamente nos límites fixados para estes parámetros na AAI. Pero, ademais, as citadas AAI permítelle a ENCE e a ELNOSA verter mercurio e cadmio á Ría, cando a Lei 9/2010 de Augas de Galicia só permite estes vertidos cando se produzan como consecuencia do arrastre inevitábel destes metais contidos nas materias primas utilizadas, circunstancia que non se dá en ningún dos casos que nos ocupan.

E a Xunta ten a obriga de iniciar o expediente de renovación conforme á Lei, abrindo o correspondente período de exposición pública e esixindo a ENCE e a ELNOSA a solicitude dos preceptivos informes urbanísticos ao Concello de Pontevedra. E nós imos participar activamente nese proceso, como fixemos hai 3 anos, alegando contra as renovacións e esixindo que se cumpra a Lei.

Pero hai outra razón para participar na MARCHA CONTRA CELULOSAS: ENCE está intentando ficar na Ría mais alá do 2018 e busca a maneira de eludir a lexislación. E desde o Ministerio de Medio Ambiente falan xa da posibilidade de buscar solucións individualizadas para aplicar a Lei de Costas, e abren a porta tamén á non aplicación da Lei en base á “innecesariedade” dos terreos.

Por eso é importante secundar esta nova mobilización, porque Pontevedra se xoga o seu futuro, porque a recuperación da Ría e das nosas praias urbanas sepultadas baixo os recheos industriais, está en perigo, e mesmo porque a continuidade do complexo en Lourizán mais alá 2018 supón non só unha ilegalidade senón tamén unha burla para o conxunto da poboación, que deixou claro mais unha vez nas urnas que non admite opcións políticas municipais que aposten pola permanencia de ENCE-ELNOSA no seu actual empraizamento. Porque hai razóns abondo, ESTE SÁBADO, MARCHA CONTRA CELULOSAS!.

Asdo.: Antón Masa, presidente da APDR